

Adaptación: **JOAN DE DÉU PRATS**
Ilustrador: **MIGUEL GALLARDO**
Compositor: **GIOACCHINO ROSSINI**
Música: **ORQUESTRA SINFÓNICA DE SOFÍA**
CORO DO TEATRO LÍRICO DE MILÁN
MARCO ARMILIATO
Tradución ao galego: **VITORIA BALLESTEROS**

Libro-disco. Encadernado en cartoneé
40 páxinas a toda cor. 25x22 cm.
Dispoñible en:

-Galego: "O barbeiro de Sevilla"
ISBN 978-84-8464-613-6
-Portugués: "O barbeiro de Sevilha"
ISBN 978-972-8781-57-6
Prezo: 20 €



O BARBEIRO DE SEVILLA

Hai moito tempo, na cidade da Giralda, a Torre del Oro e o Guadalquivir, produciuse un duelo singular. Enfrontábanse a astucia dun barbeiro que desexaba axudar a un namorado, coa tiranía dun vello titor que mantiña pechada baixo sete chaves unha fermosa doncela.

Esta obertura é unha das máis famosas que se teñen escrito da ópera bufa, popularizada tamén porque se empregou como banda sonora de películas cómicas. A composición transpórtanos ata a cidade de Sevilla, en pleno século XVIII. Figaro é un barbeiro moi pillabán que recibe un encargo do conde Almaviva para que acceda á casa de Bartolo, un doutor moi severo que acolle a una bela moza chamada Rosina, da que está namorado.

A adaptación do libreto -de Cesare Sterbini e estreada no Teatro Arxentina de Roma en 1816- guíaranos polos diversos enredos que se producen ao longo da comedia: dende que o conde de Almaviva case acaba preso por finxir ser un soldado bébedo ata que, seguindo os consellos de Figaro, logra entrar na casa facéndose pasar polo profesor de música. A inesperada chegada do verdadeiro mestre precipita unha accidentada fuxida da parella, que volve contar coa complicidade do barbeiro, tratando de distraer a Bartolo enchéndolle a cara de escuma para afeitarse.

E así sucédense a un ritmo trepidante as estampas de humor nesta obra publicada por KALANDRAKA, en coedición con HIPÓTESI, un selo catalán especializado na adaptación de óperas para o público infantil e adulto. O libro complétase cun CD que permite escoitar diversos fragmentos da composición, así como unha pequena biografía do compositor, Gioacchino Rossini (Pesaro, Italia, 1792-París, 1868).

Na colección de 'Ópera para Nenos' en galego tamén figuran "A fruta máxica", "Aida", "Orfeo e Euridice" e "Porgy and Bess"

O autor da proposta estética é Miguel Gallardo (Lleida, 1955), un debuxante, guionista e ilustrador que provén do xénero da banda deseñada. Comezou a súa traxectoria en 1977 publicando cómics na revista 'Disco Exprés'. Foi un dos fundadores de 'El Víbora' en 1979 e da revista 'Cairo' en 1981. É co autor do coñecido personaxe 'Makoki'. Co guionista Mediavilla colaborou nos anos 80 en 'El Víbora' con varias series, e tamén en solitario para 'Comix Internacional' e 'Fans'.

- **Temática:** ópera de humor ambientada na Sevilla do século XVIII
- **Idade recomendada:** a partir de 10 anos
- **Aspectos destacables:** inclúe un cd con fragmentos da composición de Rossini
- **Aplicacións:** introdución á ópera e á música clásica, estudo da época histórica na que transcorre a acción

